

## Instrución I/2009 da Xerencia, de interpretación das Normas de execución do orzamento 2009

A disposición adicional 3ª das Normas de execución dos orzamentos de 2009, aprobadas polo Consello Social da USC con data 22 de decembro de 2008, autoriza ao Xerente para que "*dite as instrucións necesarias para a adaptación e desenvolvemento das normas de execución do orzamento*"

Pola súa parte, os artigos 11, 12 e 13 das ditas *Normas de execución do orzamento 2009* introducen aclaracións e precisións sobre como se deben propoñer, acreditar ou xustificar determinados gastos. En concreto, o mencionado artigo 11 refírese á interpretación e aplicación á USC da normativa xeral de comisións de servizo, contida no Real Decreto 462/2002 e demais normas concordantes.

Co fin de aclarar e facilitar o cumprimento destas disposicións, a Xerencia ditou a seguinte instrución.

### 1. Comisións de servizo

#### Artigo 11. Axudas de custo e locomoción

A percepción de axudas de custo e locomoción debe atermarse ao regulado no Real Decreto 462/2002 e normas concordantes. En particular debe terse en conta:

- a) Será precisa a autorización previa, polo órgano competente, da comisión de servizo que dea lugar ao desprazamento.

De acordo coa normativa vixente, son comisións de servizo con dereito a indemnización os cometidos especiais que circunstancialmente debe desenvolver o persoal da USC fóra do municipio onde radique o seu posto de traballo.

Para facilitar o cumprimento da normativa vixente, nas Normas de execución do orzamento 2009 lémbrese que é preciso dispor de autorización previa para efectuar desprazamentos en virtude de comisións de servizo. Neste sentido, desde a Xerencia promoverase a aprobación dunha normativa propia de comisións de servizo, que será proposta aos órganos de goberno no primeiro trimestre de 2009. Xunto con esta normativa a Universidade deberá dotarse dos medios técnicos e electrónicos necesarios para poder facer unha xestión eficiente das autorizacións e das propostas de axudas que correspondan.

### 2. Xustificación dos desprazamentos en vehículo propio

- b) Ademais da autorización anterior, a percepción de axudas pola utilización do vehículo particular para efectuar desprazamentos debe ser excepcional e indicarse sempre o itinerario seguido. Os desprazamentos a fóra da Galicia e que sexan superiores a 300 km será preciso xustificalos achegando recibos de peaxe de autoestradas ou xustificación de reposición de combustible no traxecto.

Non se abonarán axudas de locomoción nos casos en que non se especifique o itinerario seguido ou nos casos en que non se xustifique por algún dos métodos citados os desprazamentos a fóra de Galicia e que, no conxunto do itinerario, superen os 300 km.

### **3. Excepción dos importes máximos por aloxamento**

- c) O importe máximo por aloxamento en cidades de máis de trescentos mil habitantes (Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Zaragoza, Málaga, Murcia, Palma de Mallorca, Las Palmas de Gran Canaria, Bilbao, Córdoba, Alicante e Valladolid) pode elevarse ata un 50% do importe establecido para cada grupo.

A posibilidade de incrementar os importes máximos de aloxamento débese considerar excepcional, e xustificarase en tódolos casos mediante unha explicación razoada de que é preciso superar o importe establecido, ben por non dispor de aloxamento por ese prezo, ou ben por razón da distancia ao lugar no que se vaia desenvolver a actividade.

En ningún caso se poderá superar o importe de aloxamento incrementado, sendo por conta dos interesados os posibles excesos.

### **4. Importes por manutención**

- d) Débense ter en conta as horas de saída e chegada para os efectos do establecido no artigo 12 do citado Real Decreto (percepción de ½ axuda)

A regulación establecida no Real Decreto citado establece unhas horas mínimas e máximas para que exista o dereito a axudas por manutención, por importe íntegro ou no 50%, e tamén se especifican os requisitos para a súa percepción.

No caso de existiren dúbidas, os responsables de asuntos económicos facilitarán a regulación citada.

### **5. Localidades de inicio e fin dos desprazamentos**

- e) A localidade de inicio e fin da comisión de servizo é, con carácter xeral, aquela na que o traballador teña o seu posto de traballo. Non obstante considerarase que é o lugar de residencia nos casos en que este estea máis próximo ao lugar de saída (aeroporto) ou de destino.

Tómanse como puntos de orixe ou destino deste tipo de desprazamentos aqueles que estean máis próximos, é dicir, os que dean lugar a indemnizacións menores.

Autorízase o abono de facturas ou tiques de aparcamentos de aeroportos por períodos máximos de 48 horas cando esta opción sexa máis económica que a utilización de taxis.

## **6. Xustificación das atencións protocolarias**

### **Artigo 12. Gastos por atencións protocolarias, formación e outros**

1. Atencións protocolarias. Os gastos de atencións protocolarias deben ir acompañados dunha explicación na que se especifiquen os motivos que xustifican a realización dos gastos e os cargos, persoas ou grupos destinatarios. En particular esixíranse estes documentos explicativos nos gastos relativos a comidas, aloxamentos e agasallos.

Non se poderán aboar gastos de comidas, aloxamentos ou agasallos cando non se especifiquen (na folia de pedimento, na propia factura ou en documento aparte) os motivos dese gasto e os cargos, persoas ou grupos destinatarios.

## **7. Importes por conferencias**

2. Importes máximos a retribuír por conferencias. Cando o importe a aboar pola impartición dunha conferencia supere os 400 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

Cando a conferencia se organice no marco de actividades promovidas por unha vicerreitoría, considérase implícita a dita autorización. Nos demais casos, o órgano competente para autorizar a superación dese importe é o vicerreitor de Economía e Financiamento

## **8. Gastos de formación**

3. Gastos de formación individuais. Os gastos de formación que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, de idiomas, cursos básicos de informática e similares, salvo xustificación e autorización expresa do reitor ou órgano en quen teña delegada a competencia.

Para estes efectos, os órganos competentes para autorizar gastos de formación individuais serán a Xerencia e a Vicerreitoría con competencias en formación do PDI, segundo se trate de persoal dos colectivos de PAS ou PDI respectivamente

## **9. Pertenza a asociacións**

4. Cotas por pertenza a asociacións. Non se poderán tramitar con cargo aos orzamentos da USC gastos relativos ás cotas de pertenza a asociacións a título particular.

Cando sexa precisa a pertenza ou afiliación a algunha asociación a título persoal, debe xustificarse o interese para a USC, e será autorizada polo vicerreitor de Economía e Financiamento.

## **10. Retribucións por colaboración**

As Normas de execución do orzamento 2009 establecen:

**5. Participación do PAS en actividades de I+D+i e de formación.** A participación do persoal de administración e servizos en actividades de I+D+i está contemplada no Regulamento de colaboración do persoal de administración e servizos da USC en cursos e convenios de investigación, publicado por Resolución Reitoral de 20 de maio de 1989 e publicada no DOG do 12 de xullo de 1989 e en <http://www.usc.es/gl/normativa/investigacion/colapas1.html>. Pola súa parte, a colaboración en actividades de posgrao propio e formación continua está contemplada no Regulamento dos estudos de posgrao e formación continua ([http://www.usc.es/gl/normativa/3ciclo/regulamento\\_EPFC.html](http://www.usc.es/gl/normativa/3ciclo/regulamento_EPFC.html)) Non se autorizará o pagamento de retribucións pola realización doutras actividades ou daquelas que non sigan os procedementos de autorización establecidos nas normas anteriores.

Pola súa parte, o Regulamento para a realización de actividades de Investigación ó abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades , aprobado polo Consello de Goberno con data 20 de xuño de 2005, no seu artigo 12 di o seguinte:

Artigo 12.- Retribucións e pagos a persoal

...

2. As colaboracións externas definidas no artigo anterior xustificaranse ordinariamente mediante factura, conforme a algún dos seguintes procedementos:

a) Para os profesionais ou autónomos ou empresas que presten a súa colaboración, a xustificación realizarase mediante a factura dos servizos prestados, sempre que se trate de contratos menores.

b) Para os colaboradores que non teñan o carácter de profesionais ou autónomos e non estean comprendidos nos apartados anteriores, así como aos colaboradores definidos no apartado c) do artigo 11, deberase xustificar o encargo e a aceptación do mesmo, e abonaráselle as súas colaboracións unha vez acreditado o seu cumprimento, todo isto mediante o formulario que se estableza para estes efectos. En todo caso deberá cumprirse a Lei de Incompatibilidades das Administracións Públicas.

3. Con independencia da súa contía e dado o carácter puntual e esporádico das colaboracións, ningún colaborador dos definidos nos apartados b) e c) do artigo 11 poderá percibir por este concepto máis de tres pagamentos con cargo ao mesmo exercicio económico, sen que sexa posible o pagamento acumulado de traballos periódicos.

En ningún caso se utilizará a figura de colaborador externo para retribuír a participación na actividade do persoal con vinculación laboral ou de bolseiro coa USC.

Por conseguinte non se utilizará o formulario de "colaboracións" para propoñer retribucións de actividades profesionais nin de participación de persoal da USC en actividades de I+D ou de posgrao.

## **11. Interpretacións da norma**

Cando existan dúbidas sobre interpretacións das Normas de Execución do Orzamento, non resoltas na presente Instrución, poderán consultarse ao correo electrónico [xerente@usc.es](mailto:xerente@usc.es)

Na medida en que as respostas podan ser de interese xeral, daráselles a oportuna divulgación.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2009.

O XERENTE,

Pedro García Moreno

